

TRILOXÍA DO NADAL

Lema: “Advento”

I. ADVENTO

Cando as mestas noitebras diluían
os horizontes todos da esperanza,
chegaches Ti, ebanista da bonanza,
e apagáronse os deuses que mentían.

Tí non era-lo rei que eles querían,
nin a ansiada bandeira nin a lanza
que lles restituíse axiña a herdanza
da matria asoballada na que ardían.

Eras un neno pobre que naceras
dun tal Xosé e dunha tal María
na aldea de Belén, en Palestina;

E moi poucos souberon que viñeras
como o Fillo de Deus que vencería
a morte, a escravitude e a rotina.

II. O BERCE FOI DE PALLA E DE INVERNÍA

O berce foi de palla e de invernía:
unha mula e un boi, catro pastores,
os Reis Magos de Oriente con louvores
e unha cálida Virxe que sorría.

E daquel berce humilde sairía
esa pomba da paz e dos amores
que curaría as chagas e os tumores
dun mundo fondeado na agonía.

o berce foi de palla e de invernía,
e de persecución, e de contento,
e dunha cruz que pronto chegaría.

E daquel nobre berce a barlovento
agromarián trigos, brotaría
o camiño, a verdade e mailo alento.

III. ¡QUE TE ARROLE BEGONTE, QUE TE ARROLE!

Que te arrole Begonte co seu canto
saturado de hosanas e de honores
nese trono de fe e mais de amores
creado por un crego humilde e santo.

Que a Terra Cha se apee dese pranto
que prosegue toldando os seus albores
e che ofreza as cadeas e as suores
que leva esparexidas no seu manto.

Que te abale Begonte, meu Amado,
e que o Parga e o Ladra eternamente
beban do manantial do teu encoro.

¡Que te arrole Begonte, malpocado,
con lúas, con pregarias, docemente,
nese belén anxélico e canoro!